



EXCMA.DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

Número 134/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E O CONCELLO DE CAMBRE PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA "SEPARATA DO PROXECTO DA REDE CICLISTA METROPOLITANA. CONCELLO DE CAMBRE"

Na Coruña, 31 de agosto de 2016

REUNIDOS

O Sr. Presidente da Deputación de A Coruña, D. Valentín González Formoso.

O Sr. D. Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, primer Tenente de Alcalde por delegación de D. Óscar Alfonso García Patiño, Alcalde-Presidente do Concello de Cambre.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

MANIFESTAN

A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da "Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña", o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade da Coruña cos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros, que constitúen a súa Área Metropolitana.

As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.

As políticas de promoción da mobilidade "branda", de fomento da seguridade vial e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén, calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente, pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.

Na Área Metropolitana existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estes e construír outros novos para conseguir uns percorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este entorno.

O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite percorrer o litoral dende as Praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro



EXCMA.DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

ámbito natural como é a Presa de Cecebre preténdese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo, onde se farán as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.

No proxecto recóllense as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.

Visto o anterior considérase procedente a firma dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para execución das obras do proxecto constructivo da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Cambre”, que afectan a esta área municipal.

En consecuencia, considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións entre ambas as dúas administración.

Por todo o exposto, a Deputación de A Coruña e o Concello de Cambre acordan formalizar o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Cambre, con NIF P1501700G que permitan realizar as obras da “Separata do Proxecto da Rede ciclista da Área Metropolitana da Coruña. Concello de Cambre”, que afectan a esta área municipal. Este documento contén de xeito fidedigno as propostas técnicas e presupostarias establecidas no proxecto “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, aprobado con anterioridade.

O orzamento de execución das obras que recolle o proxecto estímase en DOUSCENTOS DEZAEOITO MIL QUINIENTOS NOVENTA E NOVE EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (218.599,76 €) I.V.E. incluído, e que corresponden ó ás actuacións do Tramo I a realizar no concello de Cambre.

O prazo de execución dos traballos é de DOUS (2) meses para o tramo que recolle as obras previstas no proxecto de referencia e que afectan ao territorio municipal de Cambre, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos.



EXCMA.DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

As obras teñen como obxecto a conexión dos tramos ciclistas de preto de 16,7 quilómetros existentes no concello de Cambre e que son:

Rio Mero (MD e ME).

As obras consistirán na reordenación de espazos e usos, tratamento superficial ou reafirmado da plataforma, sinalización adecuada de orientación e de seguridade asemade dos itinerarios, puntos de interese e singularidades do percorrido.

Segunda. Presuposto de execución e financiamento das obras.

O presuposto total de execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ó que se fai referencia na cláusula anterior, é o seguinte:

Presuposto execución material	151.815,93
Gastos xerais (13%)	19.736,07
Beneficio industrial	9.108,96
IVE (21%)	37.938,80
Presuposto de contrata	218.599,76

1. A Deputación Provincial da Coruña financiará o presuposto das obras, tal e como se define na cláusula anterior cunha aportación máxima de 218.599,76 €, o que representa unha porcentaxe do 100,00%.
2. No caso de que o importe máximo xustificado non alcanzara o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só aportará o importe que represente o 100,00% da cantidade efectivamente xustificada.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, polo tanto, non se financiarán os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios pola dirección das obras, seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco financiaranse os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións de obra.
4. O importe da financiación provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4541/76201 do presuposto provincial do ano 2016. Dado que a vixencia do convenio exténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ó cumprimento da Lei de Estabilidade Presupostaria.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción de outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas que o concello obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

6. No caso de que a concurrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ó apartado anterior.

Terceira. Autorizacións e licencias.

Previo á licitación das obras, o concello expedirá certificación xustificativa da efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeitado para a execución das obras incluídas na separata, que afectan ó termo municipal, así como á reposición de servizos e servidumes afectados. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes antes os organismos que corresponda, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, dentro do seu termo municipal.

Cuarta. Contratación das obras.

O concello de Cambre, unha vez obtidas as correspondentes licenzas e autorizacións, contratará mediante procedemento aberto e conforme ós pregos-tipo da Deputación a execución das obras obxecto do convenio.

Quinta. Publicidade do financiamento provincial.

Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Sexta. Dirección das obras. Coordinación da seguridade e saúde.

1. A dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos do concello de Cambre e/ou por medios externos. Así mesmo, actuará como codirector/a persoal técnico designado pola Deputación da Coruña.
2. O concello de Cambre levará a cabo, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde.



EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

Sétima. Xustificación necesaria para recibir a aportación provincial

1. Ata o 50 por cento da aportación provincial terá carácter prepagable, de forma que procederá a expedir un primeiro pago a favor do concello pola cuantía resultante de aplicar dito porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra unha vez que se adxunte ó expediente a seguinte documentación:
 - Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren, alomenos, os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
 - Acta de reformulo da obra, firmada polos Directores da mesma e polo contratista.
 - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente diligenciada polo Director da Obra.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
2. Finalizada completamente a obra, procederá ó abono do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada).
 - Certificacións e acta de recepción das obras realizadas.
 - Certificacións do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedidas polo órgano competente.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas coa mesma finalidade.
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo ós terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
3. O abono da cuantía resultante da subvención materializaráse mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo concello. E si transcurrirán máis de catro meses dende a correcta xustificación dos compromisos adquiridos sin que cobrase o importe que lle corresponda, o concello terá dereito o abono dos xuros de demora, o tipo de xuro legal que se devengue dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4. Deberá acreditar o abono aos terceiros do importe xustificado do 50% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo prazo.



EXCMA.DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

Oitava. Acta de recepción.

O concello de Cambre notificaralle á Deputación da Coruña a data de formalización da acta de recepción das obras coa debida antelación para que asista, si é o caso, un representante designado pola Deputación da Coruña.

Novena. Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

Décima. Comisión de seguemento.

Consituirase unha comisión de seguemento formada por catro vogais, a razón de dous membros designados por cada unha das institucións asinantes do presente convenio, designados polo presidente da Deputación da Coruña e polo alcalde do Concello de Cambre, respectivamente, co obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

Undécima. Reintegro, infraccións e sancións.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se



EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das ede Execución do Orzamento da Deputación.

De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das obras conlevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaran o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

Duodécima. Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

O presente convenio iniciará a súa vixencia unha vez que se acredite o cumprimento das condicións que se indican de seguido e xurdirá efectos ata o 01 de novembro de 2017.

Condicións de eficacia do convenio

1. A obtención das licenzas e autorizacións preceptivas.
2. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento da Deputación para asumir os gastos de execución da obra.
3. A existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do Concello para asumir os gastos non contemplados no punto anterior ou que excedan a cantidade aportada pola Deputación e sexan necesarios para a correcta execución das obras.



EXCMA.DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

4. Aprobación definitiva do proxecto técnico.

Para o caso de que a concello non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 1 de setembro de 2017, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director de Obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola cuantía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o concello perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando sustancialmente o obxecto da subvención concedida.

Serán causas de extinción do presente convenio:

1. O non cumprimento do seu obxecto.
2. A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
3. O incumprimento de carácter total ou parcial das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
4. Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Décimoterceira. Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do concello serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.



EXCMA.DEPUTACION PROVINCIAL
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACION



CONCELLO DE CAMBRE

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ó concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

Décimocuarta. Natureza e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 29 de xullo de 2016

Así din e asinan, por cuadruplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación Provincial de A Coruña

Valentín González Formoso

O Alcalde do Concello de Cambre, P.D.
O Primer Tenente de Alcalde

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez